



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE FEBREIRO DE 2013

LICENZAS

OUTRAS OBRAS

EDIFICACIÓN

LIC/1486/2012.- ELENA SUAREZ RODRIGUEZ.- Construción de vivenda unifamiliar no lugar de Pardaces.

OBRA E APERTURA

LIC/2119/2011 e LAP/60/2012- AUTOMOVILES LOUZAO, SA.- Obras de construción, apertura e ampliación de local de venda, reparación e mantemento de vehículos na estrada da Coruña-Boisaca, Km 59.

LIC/432/2012 e LAP/73/2012-. RED DE BANDA ANCHA DE ANDALUCÍA, SA. Legalización de instalación e apertura de Centro de Telecomunicacións na rúa do Campo da Sexta, polígono 506, parcela 72.

OUTRAS OBRAS

LIC/1318/2011.- RICARDO PARDO BLANCO.- Rehabilitación de estrutura e fachadas interiores na rúa de Porta da Pena, 8.

LIC/1926/2012.- EDUARDO JOSE MARTINEZ BREY.- Rehabilitación dunha vivenda unifamiliar pegada na rúa de Torrente, 45.

LIC/1787/2012.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Instalación de 5 ascensores en cinco portais da vivenda na rúa de García Prieto, 66.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/134/2013.- JOSE GARCÍA SANTAMARINA FUCIÑOS...LIC/1615/2011 1.000 €

LIC/158/2013.- JOSE MANUEL BLANCO BARRAL... LIC/901/2008 1.5000 €

LIC/157/2013.- JOSE MANUEL MOURIÑO TEJO.....LIC/258/2011 600 €

LIC/125/2013.- CONSUELO SEOANE RÚA..... LIC/2012/2010 1.500 €

4.- Transmisión da licenza de autotaxi nº 126 a favor de JOSE MANUEL VILACOBA BELLON.

Apróbase a transmisión.

5.- Transmisión da licenza de autotaxi 93 a favor do fillo e asalariado LUIS ANGEL VARELA NÚÑEZ

Apróbase a transmisión.

6.- Transmisión da licenza nº 37 a favor do asalariado D. FERNANDO RIAL MARTINEZ

Apróbase a transmisión.

7.- Prórroga do contrato de Aluguer de local na parroquia da Barciela para uso como Centro Sociocultural.

A XGL aprobou a prórroga do contrato de aluguer do local de Barciela para uso como CSC. Este acordo supón a renovación desde o 1 de abril de 2013 ata o 31 de marzo de 2014 por un prezo de 551,30 €/mes. Ambas partes acordan non proceder á revisión do IPC.

8.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao nomeamento de representante municipal na comisión de Escolarización para o curso 2013-2014.

Nomeouse como representante do Concello para esta Comisión á concelleira Rebeca Domínguez Iglesias.

9.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa á aprobación da convocatoria da II edición do Club de Debate e as bases que o regulan.

Apróbase a convocatoria da II Edición do Club de Debate e as bases que o regulan.

10.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa á aprobación da adhesión ao convenio para a creación dun fondo social de vivendas, formalizado entre a FEMP e diversas entidades bancarias e de crédito.

A XGL aprobou a adhesión do Concello de Santiago ao Convenio para a creación dun fondo social de vivendas formalizado entre a FEMP e diversas entidades e de crédito. Isto posibilitará o acceso a unha vivenda en réxime de alugueiro, cunha renda de carácter social, axudando, desa maneira a evitar a problemática social orixinada pola crise económica actual. Esta adhesión non ten ningún custe para o Concello.

11.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego, relativa ao inmovible situado sobre o aparcadoiro da Praza de Galicia.

Comunicouse á XGL que a Concellaría de Benestar non vai pedir unha prórroga para que a caseta que está sobre o aparcadoiro da Praza de Galicia siga adscrita a esta Concellaría ao non quedar acreditada o seu uso polas asociacións de índole social.

12.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa a clarificar a ficha da parcela de resultado M3.b do Proxecto de reparcelación do 3º sector do solo urbanizable non programado número 37 (SUNP-37.3). Costa Vella.

Apróbase a proposta.

13.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa a inadmisión a trámite da solicitude de declaración de nulidade formulada por Obras e Vías de Galicia S.A en relación con acordos adoptados pola Xunta de Compensación do SUNP-25 de Roxos.

Apróbase a proposta.

14 a 69.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehiculos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmoables.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

70.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á estimación de solicitude referente á concesión de exención.

Concédense a exención.

71.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense as exencións.

72.- Propostas da concelleira delegada de Facenda relativas á denegación de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Denéganse as exencións.

73.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á corrección de erros no acordo nº 7 apartado B) da sesión de data 28.12.2012.

Procedeuse a aprobar pola XGL unha corrección sobre a cantidade destinada ao pago das horas extras do persoal do Servizo de extinción de incendios do Concello de Santiago, sendo a cantidade correcta 112.566,19 € correspondente aos meses de xullo a decembro de 2012.

74.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa á convocatoria do I concurso de proxectos de publicidade comercial en galego e aprobación das bases.

Á vista dos obxectivos previstos no Plan Xeral de normalización lingüística e no Plan de normalización do Concello de Santiago, a XGL aprobou a convocatoria do I Concurso de proxectos de publicidade comercial en galego.

75.- Prórroga do Contrato Administrativo Especial para a Conservación e Mantemento do Cemiterio Municipal de Santiago de Compostela.

A XGL aprobou a prórroga do contrato Administrativo Especial para a Conservación e Mantemento do Cemiterio Municipal de Santiago de Compostela asinado con Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago S.L. Esta prórroga durará ata o 10 abril de 2013 cos mesmos prezos ata agora vixentes. Esta prórroga sera suficiente para que se poidan resolver os trámites da nova licitación do servizo.

76.- Servizo de Organización e realización de actividades de educación medioambiental e o programa de actividades, atención ó público e visitas guiadas no Centro de Interpretación do Medio Urbano e Natural de Santiago de Compostela.

A XGL aprobou adxudicar á empresa FEITORIA VERDE SOC. COOP. GALEGA o servizo de organización e realización de actividades de educación medioambiental e o programa de actividades, atención ao público e visitas guiadas ao Centro de Interpretación do Medio Urbano e Natural de Santiago de Compostela. Este contrato adxudícase por un importe de 25.785,33 euros.

77.- Aprobación de expediente e apertura do procedemento de adxudicación da Subscrición de diversas pólizas de seguro para a cobertura dos riscos por Responsabilidade Civil-Patrimonial e risco colectivo de Accidentes do Concello de Santiago.

A XGL aprobou o expediente para a subscrición de diversas pólizas de seguros por un importe de 112.500 € para responsabilidade civil e patrimonial, e por outra banda un importe de 19.575 € para risco colectivo e de accidentes.

URXENCIAS

1.- Solicítase unha subvención á Consellería de Benestar para o 50% dos custos de xestión das escolas infantís do Concello.

2.- Solicítase unha subvención á Consellería de Benestar para a servizos sociais comunitarios por un importe de 688.982,60 euros.

3.- Acórdase a modificación orzamentaria para un suplemento de crédito por importe de 206.425 euros correspondente á xestión da escola de Salgueiriños.